



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación da materia de Conxunto

curso 2021/2022



Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	8
3.	Atención á diversidade.....	9
4.	Temas transversais.....	11
	4.1 Educación en valores.....	11
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	12
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	13
6.	Secuenciación do curso.....	14
	6.1 Cursos 1º e 2º de grao profesional.....	14
	6.2 Curso 3º e 4º do Grao Profesional (Só para Piano e Guitarra).....	25
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	36
	7.1 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	37
8.	ANEXOS.....	38
	8.1 Probas de acceso a 2º, 3º, e 4º de grao profesional.....	38
	8.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	39
	8.3 Recursos didácticos.....	40
	8.4 Rúbricas de avaliación.....	47
9.	Sección bilingüe.....	49
	Metodoloxía na sección bilingüe.....	50
	Avaliación na sección bilingüe.....	51





1. Introducción

- Xustificación

A Materia de Conxunto constitúe un espazo de formación de primeira orde para experimentar e aplicar as habilidades adquiridas na clase de instrumento da especialidade, os coñecementos adquiridos en todas as materias e, por outra banda, responder a un conxunto de necesidades educativas do alumnado de música que difícilmente poden ser atendidas se non é a través desta disciplina. Entre outras cousas, cumpre unha función decisiva no desenvolvemento do oído musical en tódolos seus aspectos, é o medio idóneo para desenvolver o sentido da afinación, a homoxeneización da articulación, a planificación dos golpes de arco ou a respiración nos instrumentos de vento, e é imprescindible para a maduración musical no terreo da expresividade. A práctica instrumental resulta así entendida non só como a adquisición dunha complexa técnica e a progresiva formación duns criterios musicais propios, senón tamén como unha ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.

Por outra parte, favorece a presenza activa do alumnado nas agrupacións que, xunto co coro, a orquestra ou a banda, implican maior proxección do alumnado na programación cultural do centro e da cidade.

- Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021. ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que





se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.





- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

- **Características do centro**

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

A suspensión no pasado curso académico 2019/2020 das clases presenciais derivada do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19, fixo que o desenvolvemento do terceiro





trimestre tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, incorpóranse na programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultou.

- **Características do alumnado**

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

- **Sección bilingüe**

O CMUS Profesional de Santiago de Compostela ofertará este curso parte da docencia da Materia de Conxunto na lingua inglesa, para o alumnado que o solicite.

Todo o referente á sección bilingüe está reunido no punto 9.3 desta programación.





- Outros aspectos da aplicación práctica desta programación

Como non pode ser de outro xeito, para a impartición desta materia distribuirase o alumnado en grupos instrumentais ou vocais ao comezo do curso, e sempre en función das posibilidades en canto a dispoñibilidade de profesorado, espazos do centro e existencia de repertorio adecuado para cada grupo, buscando o maior aproveitamento pedagóxico para os alumnos e alumnas.

De xeito habitual no CMUS Profesional de Santiago a Materia de Conxunto organizase en varias agrupacións e ensembles que participan nos concertos tanto dentro como fóra do centro, e son: conxunto de violoncellos, conxunto de metais, ensemble de fagotes e oboes, ensemble de clarinetes, ensemble de saxofóns, orquestra de frautas, orquestra de guitarras, conxunto de pianos, de violíns, entre outros.

Algunhas destas agrupacións pode permitir, incluso fomentar a participación de outro alumnado, das especialidades correspondentes, na procura dun óptimo aproveitamento da materia e dunha maior colaboración entre os alumnos. De feito, a Materia de Conxunto impártese en moitos casos en agrupacións xa consolidadas e que moi habitualmente implican a todo o alumnado do Grao Profesional.

Actividade semipresencial: No caso que a agrupación sexa moi numerosa e por cuestións de espazo non se poida impartir coa totalidade do alumnado do conxunto, o profesorado propondrá a división dos grupos e establecerá quendas de asistencia presencial as clases.

Actividade non presencial: cando por motivos de seguridade non se puidese asistir presencialmente as clases o seguimento do alumnado realizarase polos medios telemáticos que o profesorado considere máis adecuados a esta materia.





2. Metodoloxía

A materia de Conxunto presenta a particularidade de estar dirixida a grupos instrumentais de distinta natureza e a alumnado de varias especialidades instrumentais e pode que de cursos diferentes do Grao Profesional, por tanto con diferentes características, estados evolutivos e niveis instrumentais. Isto débese ter en conta á hora de establecer unha metodoloxía válida e axeitada para cada conxunto.

- Os principios metodolóxicos xerais da materia son:

Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoevaluación e coevaluación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.

Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivante, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino – aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as non o sexan mediante distintos mecanismos de feedback nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción construtivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (intradisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estruturase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados





por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, profundizando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe).

Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación – clase. Nesta mesma líña, adaptárase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).

Principios de **interacción**: fomentárase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno – alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación...), alumno – profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción tutorial).

3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.

Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do grupo, no que atoparemos diferenzas individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a **avaliación inicial** que realizaremos ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a, tendo en conta os informes individuais do curso anterior coa finalidade de detectar as carencias e necesidades particulares do alumnado e identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; Igualmente destacable é a





coordinación dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia, e cos titores/as de cada un dos alumnos/as.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención á diversidade non significativas** serán as seguintes:

- Medidas de carácter xeral:

Selección o repertorio atendendo a criterios sociocéntricos (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).

Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do grupo.

- Medidas personalizadas:

Alumnado coa materia pendente do curso anterior: maior atención a posibles necesidades do alumno/a e contacto permanente co titor/a co fin de establecer unha estratexia conxunta no caso de atoparse dificultades.

Exentos da práctica instrumental de forma temporal (enfermidade, lesión ou outras causas debidamente xustificadas): no caso de alumnos/as que por causa prolongada non poidan participar nun porcentaxe superior al 50% das sesións, deberán realizar un exame final cas mesmas características que o indicado para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua. Aqueles que polo motivo que fora non poidan participar puntualmente en algunha das sesións, deberán facerse cargo de coñecer o traballado na clase e, na medida do posible, realizalo na casa, procurando así evitar un prexuízo no ritmo de traballo das seguintes sesións para o grupo e para el mesmo.

Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención a diversidade significativas** reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento ao que a materia está abscrito e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

Variación da metodoloxía.





Adaptación do material didáctico (repertorio).

Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade acorde a cada alumno/a.

Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa transcendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Orquestra faremos especial fincapé, entre outros, aos seguintes:

Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos

Educación para a saúde

Educación para o ocio

Educación ambiental

Educación para a paz

Educación do consumidor

Ademais, ao longo do curso o Centro organiza periodicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros





conservatorios, conferencias, cursiños, e, principalmente, de concertos solidarios en favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

Concienciar ao alumnado do respecto ás medidas hixiénico-sanitarias recomendadas polas autoridades para evitar a propagación e o contaxio do Covid-19 no noso centro.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e en algún caso visual, de moitos dos contidos plantexados, o uso das TIC's pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Amais da utilización da lousa electrónica, no caso de dispoñer dela, é probable que en moitas ocasións se recorra a materiais audiovisuais, tanto videos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase.

Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos, recomendar á escoita de grabacións polos medios dos que se dispoña (spotify, youtube...) e tamén poderase facer uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor.

Non se permitirá a grabación en video e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

O profesorado pode facer uso do formato dixital para rexistrar as anotacións das sesións de clase nos cadernos de aula do alumnado mediante un ordenador ou tableta.

Na organización e coordinación de concertos e actividades, utilizarase o sistema de mensaxería das aplicacións móbiles para que a comunicación das instrucións sexa máis inmediata.





Na actual situación de minimización da actividade presencial do alumnado no centro derivada das medidas adoptadas en relación á prevención do contaxio e propagación, o profesorado poderá reforzar os avances do alumnado a través de intercambio e visionado de grabacións de vídeo, a través de vídeo chamadas e inclusive de audicións individuais ou colectivas por medios telemáticos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia dos alumnos e alumnas a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Conxunto, no que se adscribe esta materia, ou mesmo polo Centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

Neste curso todas estas actividades se adaptarán ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación do Covid19.





6. Secuenciación do curso

6.1 Cursos 1º e 2º de grao profesional

6.1.1 Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado, (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios) e tamén preguntará sobre as dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

6.1.2 Obxectivos

- a) Estudar e interpretar obras, movementos ou pequenas pezas de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios dentro da agrupación correspondente.
- b) Contribuir ao desenvolvemento do dominio técnico do instrumento que complementa o traballado na materia instrumental correspondente.
- c) Favorecer a mellora nas capacidades cognitivas, afectivas e psicomotoras do alumnado que permitan unha mellora respecto ao equilibrio sonoro (timbre, intensidade e afinación) favorecendo o axuste en función dos demais instrumentos e das necesidades interpretativas e estilísticas da obra.
- d) Tomar consciencia, tanto individual coma colectivamente, da influencia que os conceptos estéticos e expresivos de cada obra teñen na súa interpretación.
- e) Dar a coñecer as normas básicas de comportamento e rutinas de traballo que esixe toda actuación e interpretación en grupo.
- f) Fomentar o espírito crítico no alumnado, para coa súa propia interpretación individual e a do conxunto, que favoreza un estudo máis metódico e detallista e maior consciencia na interpretación.
- g) Traballar e mellorar a capacidade de repentización e lectura do alumnado.





- h) Participar en audicións e concertos públicos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.
- i) Tomar consciencia da importancia da interpretación en conxunto como parte fundamental da formación musical e instrumental.

6.1.3 Contidos

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, golpes de arco, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... Traballo de agónica e dinámica en conxunto.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación semanalmente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.
- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítico das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.1.4 Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se





quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación 1º e 2º curso de Grao Profesional

- 1) Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras, movementos ou pezas programadas, tanto individualmente coma en conxunto.
- 2) Demostrar capacidade de adaptación e axuste ao grupo en canto ao equilibrio sonoro, afinación e igualdade de ataques.
- 3) Amosar coñecemento da xestualidade que permita a interpretación en grupo con e sen director/a. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede.
- 4) Amosar certo coñecemento en canto ao criterio estético e estilístico do repertorio traballado.
- 5) Ler a primeira vista algunha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.
- 6) **Interpretar en público obras do repertorio para conxunto.**
- 7) **Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado.** Amosar unha boa actitude en cada unha das sesións de clase, responsabilidade como membro dunha agrupación e interese pola materia.





Mínimos esixibles 1º e 2º curso

1º TRIMESTRE

- Ler a primeira vista con certa fluidez fragmentos adecuados ao nivel do curso.
- Traballo sobre exercicios técnicos de afinación e articulación en grupo.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas propostas para o trimestre.

2º TRIMESTRE

- Traballo sobre a homoxeneidade da afinación e articulación do grupo.
- Demostrar coñecemento e certo dominio da xestualidade propia da interpretación en grupo con e sen director/a.
- Interpretación en público dalgunha das obras ou movementos propostos para o curso.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas programadas para o trimestre.

3º TRIMESTRE

- Interpretar con corrección técnica e estilística, amais dun equilibrio sonoro axeitado, o programa establecido polo profesor/a para o curso.
- Interpretación en público dalgunha das obras ou movementos propostos para o curso.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas programadas para o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos





contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguemento de cada unha das sesións de clase.
- Seguemento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación 1º e 2º curso de Grao Profesional

- 1) **20%** da cualificación: Hábitos axeitados de estudo na casa. Respecto ás normas básicas de actitude e participación a cada unha das sesións de clase, e/ou concertos e actividades. complementarias: asistencia; puntualidade; actitude correcta ante a materia. Coñecemento das obras, dos seus compositores, dos períodos artísticos nos que foron compostas, contribución disto ao establecemento duns criterios estéticos e estilísticos apropiados e influencia nas interpretacións do conxunto.
- 2) **40%** da cualificación: calidade na interpretación individual das obras do repertorio programado: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo;
- 3) **40%** da cualificación: calidade na interpretación colectiva das obras do repertorio programado: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; coñecemento e dominio das





indicacións de dirección necesarias para actuar como responsable da agrupación nos momentos que así o requiran.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

-Criterios para a ampliación de matrícula:

Para a concesión da ampliación de matrícula, o profesor/a da materia realizará unha proba ao alumno/a na que se demostre que ten acadados todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia. A proba constará de tres partes: Unha proba de coñecementos teóricos, outra de interpretación individual e outra de interpretación dentro da agrupación correspondente.

-Criterios de cualificación para a ampliación de matrícula:

1. **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral na que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
2. **Proba de interpretación individual:** Reproducir a parte correspondente das obras/movimentos/fragmentos propostas ao longo do curso do que está matriculado. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e





lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

3. **Proba de interpretación dentro da agrupación:** Interpretar as obras, movementos ou fragmentos das obras propostas para o curso utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a o dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

6.1.5 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo máis específico baseado na programación didáctica da materia e nos





puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa ás sesións de avaliación. Nese caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Considerase que un alumno/a non pode ser avaliado segundo os procedementos ordinarios da avaliación continua cando non asiste ao 50% das sesións de clase do trimestre, como mínimo.

A proba consistirá no seguinte:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores





e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.

- 2) **Proba de Interpretación individual:** Execución da parte correspondente ao seu instrumento, das obras, movementos o fragmentos programadas para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Interpretación dentro da agrupación correspondente das obras, movementos o fragmentos programadas para o curso

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** Esta parte puntuarase cun 20% sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Esta parte puntuarase cun 40% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo e criterio estético e estilístico.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Esta parte puntuarase cun 40% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; reacción as indicacións do director/a.





Probos extraordinarios de recuperación

O alumnado que non teña aprobada a materia durante as avaliacións do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.

O valor desta proba será dun **20%** sobre a nota final.

- 2) **Proba de lectura a primeira vista** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.

O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

- 3) **Proba de Interpretación:** O alumnado interpretará dúas pezas cortas ou dous movementos dunha obra de conxunto do repertorio correspondente á súa especialidade, preferiblemente a voz primeira ou principal do repertorio elixido.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo.

O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.





PROCEDIMENTOS DE ADAPTACIÓN PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL

Nos casos nos que a actividade presencial non sexa posible debido á situación actual en xeral ou debido a enfermidade ou confinamento do alumnado por covid-19, o profesorado realizará un seguimento telemático preferentemente a través das ferramentas institucionais tales como aulas virtuais, Webex, Falemos, etc.. O profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen os contidos e permitan a avaliación continua da materia. Estas tarefas poden variar entre sesións de videoconferencias, grabacións individuais, propostas de xogos telemáticos, audicións comentadas, ou traballos escritos que reforcen os contidos e axuden ao coñecemento das pezas e obras propostas para o curso.

Os obxetivos a traballar nestes casos serían os números 1, 2, 4, 6, 7 e 8

Os Contidos a traballar nestes casos serían os números 1, 4, 5 e 6.

Os Criterios de cualificación serán os seguintes:

1. **Traballo de carácter escrito ou oral** no que se demostre interese polo coñecemento da obra, do compositor, do período artístico no que foi composta e tamén os aspectos artísticos musicais da interpretación.

O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

2. **Traballo de Interpretación individual** que consistirá na interpretación da parte individual correspondente das pezas ou obras propostas. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo.

O valor desta proba será dun **70%** sobre a nota final.





6.1.6 Recursos didácticos

Ver anexos (punto 8.3 desta programación didáctica).

6.2 Curso 3º e 4º do Grao Profesional (Só para Piano e Guitarra)

Só presente no currículo das ensinanzas nas especialidades de Piano e Guitarra.

Tanto os obxectivos coma os contidos e os criterios de avaliación e de cualificación que se enumeran a continuación son comúns aos curso de 1º e 2º do Grao Profesional desta materia, o que si cambia, obviamente, é o grao de logro esixido para cada un deles en función do curso ao que se apliquen.

6.2.1 Avaliación Inicial

Nas primeiras semanas do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial para recoller datos sobre o alumnado, (características, nivel técnico, coñecementos previos, e datos persoais necesarios) e tamén preguntará sobre as dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial). O profesorado presentará unha proposta de repertorio para o curso.

6.2.2 Obxetivos

- a) Estudar e interpretar obras, movementos ou pequenas pezas de diferentes estilos empregando os recursos interpretativos necesarios dentro da agrupación correspondente.
- b) Contribuir ao desenvolvemento do dominio técnico do instrumento que complementa o traballado na materia instrumental correspondente.
- c) Favorecer a mellora nas capacidades cognitivas, afectivas e psicomotoras do alumnado que permitan unha mellora respecto ao equilibrio sonoro (timbre,





intensidade e afinación) favorecendo o axuste en función dos demais instrumentos e das necesidades interpretativas e estilísticas da obra.

- d) Tomar consciencia, tanto individual coma colectivamente, da influencia que os conceptos estéticos e expresivos de cada obra teñen na súa interpretación.
- e) Dar a coñecer as normas básicas de comportamento e rutinas de traballo que esixe toda actuación e interpretación en grupo.
- f) Fomentar o espírito crítico no alumnado, para coa súa propia interpretación individual e a do conxunto, que favoreza un estudo mais metódico e detallista e maior consciencia na interpretación.
- g) Taballar e mellorar a capacidade de repentización e lectura do alumnado.
- h) Participar en audicións e concertos públicos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.
- i) Tomar consciencia da importancia da interpretación en conxunto como parte fundamental da formación musical e instrumental.

6.2.3 Contidos

- A unidade sonora na interpretación en conxunto: respiración, afinación, vibrato, golpes de arco, articulación, ritmo, fraseo, fiato...
- Equilibrio sonoro na interpretación musical en grupo: planos sonoros, dinámica, acompañamento... Traballo de agónica e dinámica en conxunto.
- Control permanente da afinación.
- Desenvolvemento da igualdade de ataques.
- Estudo e/ou práctica dos xestos anacrúsicos básicos necesarios para tocar sen director/a.
- Traballo gradual do repertorio básico máis salientable da agrupación correspondente.
- Práctica de conxunto da agrupación semanalmente.
- Análise e interpretación das obras do repertorio.





- Audicións comparadas de diversos intérpretes e análise crítico das características das diferentes versións.
- Práctica da repentización en obras con pouca dificultade.
- Participación en audicións e concertos como parte imprescindible da formación musical do intérprete.

6.2.4 Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e a **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación 3º e 4º curso

- 1) Interpretar con corrección e musicalidade axeitada as obras, movementos ou pezas programadas, tanto individualmente coma en conxunto.
- 2) Demostrar capacidade de adaptación e axuste ao grupo en canto ao equilibrio sonoro, afinación e igualdade de ataques.
- 3) Amosar coñecemento da xestualidade que permita a interpretación en grupo con e sen director/a. Actuar como responsable do grupo, dirixindo a interpretación colectiva mentres realiza a súa propia parte, se procede.





- 4) Amosar certo coñecemento en canto ao criterio estético e estilístico do repertorio traballado.
- 5) Ler a primeira vista algunha obra de pequena dificultade na agrupación que corresponda.
- 6) Interpretar en público obras do repertorio para conxunto propias da súa especialidade.
- 7) Estudar as obras correspondentes ao repertorio programado. Amosar unha boa actitude en cada unha das sesións de clase, responsabilidade como membro dunha agrupación e interese pola materia.

Mínimos esixibles 3º e 4º curso Grao Profesional

1º TRIMESTRE

- Ler a primeira vista con certa fluidez fragmentos adecuados ao nivel do curso.
- Traballo sobre exercicios técnicos de afinación e articulación en grupo.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas propostas para o trimestre.

2º TRIMESTRE

- Traballo sobre a homoxeneidade da afinación e articulación do grupo.
- Demostrar coñecemento e certo dominio da xestualidade propia da interpretación en grupo con e sen director/a.
- Interpretación en público dalgunha das obras ou movementos propostos para o curso.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas programadas para o trimestre.
-

3º TRIMESTRE





- Interpretar con certa corrección técnica e estilística, amais dun equilibrio sonoro axeitado, o programa establecido polo profesor/a para o curso.
- Interpretación en público dalgunha das obras ou movementos propostos para o curso.
- Participar nos concertos, audiciones e actividades públicas programadas para o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación 3º e 4º curso Grao Profesional

1) 20% da cualificación: Hábitos axeitados de estudo na casa. Respecto ás normas básicas de actitude e participación a cada unha das sesións de clase, e/ou concertos e actividades complementarias: asistencia; puntualidade; actitude correcta ante a materia. Coñecemento das obras, dos seus





compositores, dos períodos artísticos nos que foron compostas, contribución disto ao establecemento duns criterios estéticos e estilísticos apropiados e influencia nas interpretacións do conxunto.

2) 40% da cualificación: calidade na interpretación individual das obras do repertorio programado: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e hábitos axeitados de estudo na casa.

3) 40% da cualificación: calidade na interpretación colectiva das obras do repertorio programado: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; coñecemento e dominio das indicacións de dirección necesarias para actuar como responsable da agrupación nos momentos que así o requiran.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

-Criterios para a ampliación de matrícula:

Para a concesión da ampliación de matrícula, o profesor/a da materia realizará unha proba ao alumno/a que demostre que est/a ten acadados todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia. A proba constará de tres partes: Unha proba de coñecementos teóricos, outra de interpretación individual e outra de interpretación dentro da agrupación correspondente.

-Criterios de cualificación para a ampliación de matrícula:





1. Proba de carácter escrito ou oral no que se demostre o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Esta parte puntuarase cun **20%** sobre a nota final da proba.
2. Proba de interpretación individual: Reproducir a parte correspondente das obras/movimentos/fragmentos propostas ao longo do curso do que está matriculado. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.
3. Proba de interpretación dentro da agrupación. Interpretar as obras, movementos ou fragmentos das obras propostas ao longo do curso utilizando xestos adecuados, empaste sonoro, afinación, dinámicas e articulación unificada ao grupo, reacción as indicacións do director/a o dos compañeiros da agrupación así como a adecuación interpretativa ao carácter e ao estilo da música interpretada. Esta parte puntuarase cun **40%** sobre a nota final da proba.

6.2.5 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do





presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa ás sesións de avaliación. Nese caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.





Considerase que un alumno/a non pode ser avaliado segundo os procedementos ordinarios da avaliación continua cando non asiste ao 50% das sesións de clase do trimestre, como mínimo.

A proba consistirá no seguinte:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Ejecución da parte correspondente ao seu instrumento, das obras, movementos o fragmentos programadas para o curso. Lectura a primeira vista dun pequeno fragmento adecuado ao seu nivel de curso.
- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Interpretación dentro da agrupación correspondente das obras, movementos o fragmentos programadas para o curso

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** Esta parte puntuarase cun 20% sobre a nota final da proba. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán que demostre o coñecemento da obra, do compositor e do período artístico no que foi composta e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación.
- 2) **Proba de Interpretación individual:** Esta parte puntuarase cun 40% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte:





técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; corrección rítmica, articulación e fraseo; e criterio estético e estilístico.

- 3) **Proba de Interpretación dentro da agrupación:** Esta parte puntuarase cun 40% sobre a nota final da proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: afinación, empaste sonoro e dinámico; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo; e reacción as indicacións do director/a.

Probas extraordinarias de recuperación

O alumnado que non teña aprobada a materia durante as avaliacións do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

- 1) **Proba de coñecementos teóricos:** proba escrita ou oral no que se demostre o coñecemento das obras traballadas ao longo do curso, dos seus compositores e dos períodos artísticos nos que foron compostas e contribución ao aspecto artístico musical da interpretación. Para valorar esta proba debe presentarse un traballo escrito, unha exposición oral ou facer unha audición comentada. O valor desta proba será dun **20%** sobre a nota final.
- 2) **Proba de lectura a primeira vista** de obras ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso. O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.





3) **Proba de Interpretación:** O alumnado interpretará dúas pezas cortas ou dous movementos dunha obra de conxunto do repertorio correspondente á súa especialidade, preferiblemente a voz primeira ou principal do repertorio elixido. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo. O valor desta proba será dun **50%** sobre a nota final.

PROCEDIMENTOS DE ADAPTACIÓN PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL

Nos casos nos que a actividade presencial non sexa posible debido á situación actual en xeral ou debido a enfermidade ou confinamento do alumnado por covid-19, o profesorado realizará un seguimento telemático preferentemente a través das ferramentas institucionais tales como aulas virtuais, Webex, Falemos, etc.. O profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen os contidos e permitan a avaliación continua da materia. Estas tarefas poden variar entre sesións de videoconferencias, grabacións individuais, propostas de xogos telemáticos, audicións comentadas, ou traballos escritos que reforcen os contidos e axuden ao coñecemento das pezas e obras propostas para o curso.

Os obxetivos a traballar nestes casos serían os números 1, 2, 4, 6, 7 e 8

Os Contidos a traballar nestes casos serían os números 1, 4, 5 e 6.

Os Criterios de cualificación serán os seguintes:

Traballo de carácter escrito ou oral no que se demostre interese polo coñecemento da obra, do compositor, do período artístico no que foi composta e tamén os aspectos artísticos musicais da interpretación.





O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

Traballo de Interpretación individual que consistirá na interpretación da parte individual correspondente das pezas ou obras propostas. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: técnica instrumental; afinación, sonoridade e dinámica; repentización e lectura, corrección rítmica, articulación e fraseo.

O valor desta proba será dun **70%** sobre a nota final.

Recursos didácticos

Ver anexos (punto 8.3 desta programación didáctica).

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquer outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Conxunto para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:

Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro





Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado

Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe

Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos

Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.

A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos exixibles e os criterios de cualificación.

Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

7.1 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A Materia de Conxunto está abscriba ao Departamento de Conxunto, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na memoria final do Departamento de Conxunto farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que surxiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

Amais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza





de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

8. ANEXOS

8.1 Probas de acceso a 2º, 3º, e 4º de grao profesional.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante da matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal

A realización da proba de acceso constará de dúas partes:

- a) **Proba de lectura a primeira vista** de pezas ou fragmentos correspondentes ao nivel técnico do curso.

- b) **Proba de Interpretación:** O alumnado interpretará a voz primeira ou principal dunha pequena peza ou movemento dunha obra de conxunto do repertorio correspondente á súa especialidade instrumental e ao nivel do curso anterior ao que aspira.

Contidos

Os contidos serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.





Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados nesta programación correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de cualificación

Os criterios para cualificar esta proba serán os seguintes:

a) **Proba de lectura a primeira vista:** Lectura correcta e fluida das notas da partitura. Afinación estable e equilibrada durante la lectura. Exactitude na interpretación do ritmo. Tempo, dinámica, e artuculación adecuada.

O valor desta proba será dun **30%** sobre a nota final.

b) **Proba de Interpretación:** Interpretación correcta das notas, afinación, ritmo e tempo. Control da sonoridade e das indicación de dinámica e agóxica tanto a nivel individual coma dentro da agrupación. Interpretación acorde co estilo propio da época e características adecuadas (articulación, fraseo, vibrato, etc..)

O valor desta proba será dun **70%** sobre a nota final.

8.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza, o premio fin de grao concederase ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.





- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

8.3 Recursos didácticos

CONXUNTO DE METAIS

- KING, ROBERT: Prelude and Fugue (1o G.P)
- OSBORNE, WILSON: Two Ricercari (1o G.P)
- REYNOLDS, VERNE: Theme and Variations (1o G.P)
- HARTMEYER, JOHN: Negev (2o G.P)
- SHAHAN, PAUL: Spectrums (2o G.P)
- HAZELL, CHRIS: Three Brass Cats (2o G.P)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE TROMPETAS

- VASSILY BRANDT: Country Pictures
- LLAMAZARES P. F: Suite para cuarteto de trompetas.
- RODRIGUEZ, N.: Cuartetos para trompeta.

CONXUNTO DE CLARINETES

- ALBÉNIZ, I.. Arr. Harold aarabell: Sevilla
- ALBINONI, T.: Sonata en Som. Arr. Jean Tilde.
- BALSFORD, GEORGE. Arr. James "Red" Mc Leod: Black and White Rag
- BIZET, G.: "Adagietto" (adaptación para ensemble de clarinetes)





- BOHM, CARL: Cuarteto en Fa
 - DEBUSSY, C.: Le Petit Negre
 - GORDON, P.: "Capriccio"
 - GRIEG, E.: Trolltog Op. 54 nº 3. Arr. Benjamin Masciotta
 - GRIEG, E.: Marcha fúnebre de Rikard Nordraak. Arr. Benjamin Masciotta
 - GRUNDMAN, CLARE: Caprice for clarinets
 - JEAN JEAN, FAUSTIN Y MAURICE.. Arr. Pierre Max Dubois. Guisganderie.
 - JOPLIN, S.: The Entertainment, Elite Syncopations, The Favorite, The Easy, winners
 - LOCART, B. Arr. Jorge Montilla: Estampas criollas
 - MARTINEZ RUCAR, C.: Capricho andaluz
 - MENDELSSOHN, F.: Song without words
 - MOZART, W. A.. Arr. Paolo Leva: Serenata en Dom a388.
 - MOZART, W. A.: Overtura de La flauta mágica
 - RAVEL, M. Arr David Hite: Pavana para una infanta difunta
 - RODEN, ROBERT R.: Sounds of the sea
 - ROOST, JAN VAN DER :Rikudim
 - STAMITZ, C.: "Concierto no 3 para clarinete" (adaptación para ensemble de clarinetes)
 - TARTINI: Adagio.
 - TCHAIKOVSKY, P. I.. Arr. W. Johnson: "Andante cantabile" Cuarteto Op. 11
 - VERDI, G.. Arr. Guido Six: Preludio de La Traviata
 - VIVALDI, A.. Arr. Jaques Lancelot: Quatuor
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE FRAUTAS

- BOISMORTIER: Conciertos para cinco frautas.
- EDWARD GRIEG: The last spring (adaptación para orquesta de frautas)





- DEBUSSY: The girl with the flaxen hair (adaptación para orquestra de frautas)
- GABRIEL FAURÉ: Cantique de Jean Racine (adaptación para orquestra de frautas con acompañamento de piano)
- HAENDEL: The arrival of the queen of Sheva. (adaptación para orquestra de frautas)
- ROSSINI: Finale of the William Tell Overture (arranxo para orquestra de frautas)
- C. HUGO GRIMM. Divertimento for eight flutes.
- WEBER: Euryanthe Overture for flute choir.

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE ÓBOES E FAGOTES

- MICHEL CORRETTE: Le Phénix.
- PIAZZOLLA: Libertango.
- MARIN VALTSCHANOV: Reminder for four bassoons.
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE SAXOFÓNS

- DVORAK: Serenata Op. 44
- VIVALDI: Concerto RV 537
- TCHAIKOVSKY: Selections from the Nutcracker Suite
- JOPLIN: 3 Ragtimes
- BACH: Toccata e Fuga
- FAURE: Pavane
- STREET: Petite Sweet
- TRADICIONAL: Dowd's Favourite

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLINS

- Nelson, S.: Technitunes, Keytunes for violin, viola, chelo, (B & H)





- Bartók, B.: 44 Duos (e.m.b.) (Universal)
- Bartók, B.: Trios (from three-part choral works arranged by E. Szervánszky)
(E.M.B.)
- Mozart, W. A.: Album for violin 2 Duos(E.M.B.)
- Pleyel, I.: Duos (Bloch) V ol. 1 – op. 8] V ol. 2 – op. 48 (E.M.B)
- Mazas: Violin duets
- Berio, L.: duetti per due violini (UNI)
- Boccherini, L.: 3 violin duets op.5 (PET)
- Hindemith, P.: 14 Easy duets Ed. Schott
- Mozart, L.: 16 Duos for two violins (E.M.B.)
- Rossa / Szilvay: Colourstrings Volume 1, 2 e 3; Violin Duets , Ed. Fennica
Gehrman
- Telemann, G. Ph.: Concerto in D major TWV 40: 202 for Four Violins without Bc
(Ed. H.Engel)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLAS

- VIVALDI: Concerto no 1 para catro violas
- HAENDEL: Sonata en sol menor para dúas violas e baixo contínuo
- NELSON, SHEILA: Keytunes, colección de pezas para dúas violas e piano
- VIVALDI: Catro estacións (arranxo para ensemble de violas)

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE VIOLONCHELOS

- DUPORT: Sonata no1 e no2 para violoncello e piano
- HAENDEL: Sonatas para violín e piano
- GOLTERMANN: Romance for 4 cellos
- MARCELLO: Adagio y Allegro
- ELGAR: Salut d'amor 4 voces





- TELEMANN: Concierto para 4 violines (Arreglo para Violonchelos)
- MANCINI: Baby elephant walk 4 voces
- PACHELBEL: Canon for 4 cellos

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE CONTRABAIXOS

- OFFENBACH: "The Can –can" for double bass Quartet. Recital Music RM022.
- BEETHOVEN: Three Equali " for double bass quartet". Recital Music RM 136
- ANONIMO (c.1500): "Dindirín, dindirín for double bass quartet". Recital Music RM156
- MOZART W. A.: "Ave Verum Corpus" Recital Music. RM007
- SAKER SONG: "The Gift to be simple" for double bass quartet". Recital Music RM218
- SIMON GARCIA: "Northern Lights" for 2 double basses". Recital Music RM 845.
- TONY OSBORNE: "Habanera" for double bass quartet". Recital Music R.M.036
- DAVID HEYES: "Four for four" for double bass quartet-. Recital Music. RM623

CONXUNTO DE PERCUSIÓN

- THOMAS L. DAVIS: Rondó for percusión quintet
- HAENDEL: Fuegos artificiales

Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE PIANOS

- Bizet, George: Jeux des Enfants
- Brahms, Johannes: Obras para piano a cuatro manos
- Diabelli, Anton: Sonatinas
- Faure, Gabrie:l Suite "Dolly"
- Milhaud, Darius: Scaramouche
- Mozart, W.A.: Obras para piano a cuatro manos





- Prokofiev, Sergei: Pedro y el Lobo
 - Saint-Saens, Camille: El Carnaval de los animales
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.

CONXUNTO DE GUITARRAS

2 Guitarras:

- Marchiña de carnaval y Modiña. C. Machado
- Boliviana. C. Machado
- Vals. F. Tárrega
- Milonga. J. Cardoso.
- Preludio, Interludio, Danza y Final. L. Brouwer.

3 Guitarras:

- Cubanita. F. Chaviano.
- Tango. F. Tárrega
- Alfonsina y el mar.
- Fugas IV y V. J. Pachelbel.
- Fugas I, II y III. J. Pachelbel

4 Guitarras:

- Adios a Cuba. I. Cervantes.
 - Irish Folk Medley. J. Sparks.
 - Invitación y Los tres golpes. I. Cervantes.
 - The Entertainer. S. Joplin
 - El gato montés (Pasodoble). Manuel Penella.
 - Julia. J. Lennon-P. McCartney
- Ou calquera outra de nivel e características similares as citadas.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CMUS Profesional de Santiago
Rúa Monte dos Postes s/n Santiago de Compostela CP
15703Coruña (A)
Tfno. 981519845, Fax 981519845
cmus.santiago@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



8.4 Rúbricas de avaliación

RÚBRICA PROBA DE ACCESO CONXUNTO

NOME ALUMNO/A: _____

DATA AVALIACIÓN: _____

CURSO: _____

AGRUPACIÓN: _____

ESPECIALIDADE: _____

PROBA DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA (30%)	Cualificación dos coñecementos				
	TEN QUE MELLORAR (1-4)	MOI BÁSICO (5-6)	BEN (7-8)	MOI BEN (9-10)	NOTA PONDERADA
Lectura correcta e fluida das notas da partitura (10%)					
Afinación estable e equilibrada durante a lectura das notas. (10%)					
Exactitude do ritmo. Dinámica e articulación adecuada (10%)					
PROBA DE INTERPRETACIÓN (70%)					
Interpreta a partitura cunha correcta afinación e cun tempo e ritmo estable. (30%)					
Amosa un control da sonoridade e respecta as indicacións de dinámica e agógica. (20%)					
Aprecia na interpretación un coñecemento dos criterios propios do estilo e da época da obra, (articulación, fraseo...) (20%)					
NOTA FINAL					

RÚBRICA AVALIACIÓN DE CONXUNTO

NOME ALUMNO/A: _____

DATA AVALIACIÓN: _____

CURSO: _____

AGRUPACIÓN: _____

ESPECIALIDADE: _____

ACTITUDE E COÑECIMENTOS TEÓRICOS (20%)	Cualificación dos coñecementos				
	TEN QUE MELLORAR (1-4)	MOI BÁSICO (5-6)	BEN (7-8)	MOI BEN (9-10)	NOTA PONDERADA
Asistencia, puntualidade, actitude fronte a materia. Respeto polas normas, polo traballo colectivo e polos compañeiros (5%)					
Coñecemento das obras traballadas, dos compositores e dos periodos artísticos (5%)					
Organización do traballo e do estudo semanal (10%)					
TRABALLO DE INTEPRETACIÓN INDIVIDUAL (40%)					
Lectura a primeira vista de fragmentos das obras programadas ou pezas de pequena dificultade (10%)					
Interpretación da súa propia parte cunha correcta afinación, ritmo estable, seguindo as indicacións de dinámica e agógica (15%).					
Amosar na interpretación individual un criterio estético e estilístico da obra en canto a articulación, ataques e sonoridade (15%).					
TRABALLO DE INTERPRETACIÓN COLECTIVA (40%)					
Adaptación ao grupo en canto a afinación, equilibrio sonoro do conxunto, axuste rítmico e articulación ao estilo adecuado. (10%)					
Domínio da xestualidade durante a interpretación en grupo con e sen directo/a. Capacidade de axuste ao grupo durante a interpretación (10%).					
Preparación e interpretación en público ou grabación do repertorio traballado na agrupación (20%)					
NOTA FINAL					





RÚBRICA PROBA EXTRAORDINARIA DE CONXUNTO

DATA AVALIACIÓN: _____

NOME ALUMNO/A: _____

CURSO: _____

AGRUPACIÓN: _____

ESPECIALIDADE: _____

PROBA DE COÑECEMENTOS TEÓRICOS (20%)	Cualificación dos coñecementos				
	TEN QUE MELLORAR (1-4)	MOI BÁSICO (5-6)	BEN (7-8)	MOI BEN (9-10)	NOTA PONDERADA
Presentación escrita, exposición oral ou audición comentada dalguna das obras do repertorio propostos durante o curso. Presentación correcta e exposición clara (5%)					
Calidade dos contidos teóricos do traballo ou exposición presentada. Título da obra, compositor, análise da época, estilo e criterios básicos para a súa interpretación, etc.. (15%)					
PROBA DE LECTURA A PRIMEIRA VISTA (30%)					
Lectura correcta e fluida das notas da partitura (10%)					
Afinación estable e equilibrada durante a lectura das notas. (10%)					
Exactitude do ritmo. Dinámica e articulación adecuada (10%)					
PROBA DE INTERPRETACIÓN (50%)					
Interpreta a partitura cunha correcta afinación e cun tempo e ritmo estable. (20%)					
Amosa un control da sonoridade e respeta as indicacións de dinámica e agónica. (15%)					
Apreciase na interpretación un coñecemento dos criterios propios do estilo e da época da obra, (articulación, fraseo...) (15%)					
NOTA FINAL					





9. Sección bilingüe

Introdución

A presente sección da Programación Didáctica da Materia de Conxunto está xustificada dentro da ORDE do 14 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se autoriza a posta en marcha, con carácter experimental, de seccións bilingües de lingua inglesa en conservatorios profesionais de música de Galicia a partires do curso 2014/2015 e pola resolución de 4 de xullo de 2016 (DOG 19 de xullo de 2016), na que se prorrogan por un período de dous anos as seccións bilingües dos conservatorios coa finalidade de favorecer a práctica do inglés entre os alumnos/as dos devanditos centros.

A proxección internacional formativa e profesional que ten cabida neste tipo de ensinanzas xustifica a impartición de materia(s) en lingua(s) estranxeira(s) que faciliten ao alumnado dos conservatorios a posterior integración en centros de estudos e de traballo estranxeiros.

Esta iniciativa responde á necesidade, subliñada polas distintas directivas europeas, de promover unha mellora cualitativa do coñecemento das linguas da Unión Europea. O seu obxectivo é conseguir que os cidadáns da Unión coñezan varios idiomas comunitarios e desenvolvan as competencias en materia de comunicación e garantir a difusión das linguas e da súa cultura. A lingua estranxeira será un vehículo para o ensino de determinadas áreas non lingüísticas, fomentando así, non só a aprendizaxe do idioma senón "aprender no idioma" favorecendo o uso comunicativo deste.

Pretendemos desde a nosa contorna xeográfica impulsar e mellorar a formación do noso alumnado no coñecemento do inglés dentro do espazo lingüístico europeo como competencia fundamental no ámbito do coñecemento, no que o dominio de diferentes linguas constitúe un elemento esencial no proceso de desenvolvemento da identidade europea.





Metodoloxía na sección bilingüe

Terase en conta a metodoloxía xeral exposta na programación xenérica de conxunto, coa adición da seguinte específica en relación ao carácter bilingüe das clases instrumentais:

- A metodoloxía estará baseada na comunicación, na interacción e en priorizar os aspectos orais da lingua inglesa. Fomentaranse proxectos e unidades didácticas que sexan de interese para o alumnado e ao mesmo tempo estean relacionados coa aprendizaxe da materia de conxunto instrumental.
- Empregaranse ordes e instrucións sinxelas directamente en lingua inglesa, apoiadas coa linguaxe xestual a modo de reforzo. Ó mesmo tempo se fará uso de expresións coloquiais, frases feitas e demais construcións de uso frecuente na comunicación oral en inglés. Tamén se facilitará a tradución do vocabulario especializado que o alumnado non comprenda.
- Potenciarase o traballo cooperativo que favoreza a interacción entre alumnado e profesorado e empregaranse expresións e vocabulario relacionados coa unidade didáctica que se imparta en cada momento.
- Fomentarse no alumnado o uso espontáneo da lingua estranxeira na comunicación oral, tanto na súa relación co profesorado como cos compañeiros/as. Para conseguilo farase uso de estratexias participativas nas que se valorará inicialmente a intervención do alumnado facendo uso do inglés e pouco a pouco centrándose no emprego de vocabulario específico, propio da materia.

O profesor/a actuará como guía e organizador/a do proceso comunicativo. Elaborará actividades de reforzo e de ampliación para atender á diversidade do alumnado e fomentará a organización de traballos multidisciplinares.





Para evitar intimidar ao alumno con dificultades de comprensión, empregarase o inglés progresivamente, estendéndoo ao máximo en base ao ritmo que o alumno/a permita. Cando sexa necesario recorrerase á lingua materna, podéndose repetir as instrucións didácticas e explicacións en galego ou castelán dependendo das necesidades do momento. O obxectivo é que ao finalizar o curso a comunicación alumno/a e profesor/a se poida desenvolver con certa fluidez en inglés.

O profesorado poderá entregar ao alumnado material en inglés coa finalidade de conseguir os obxectivos propostos na materia, recorrendo ao material dispoñible no centro (textos, manuais, mapas, xogos, posters, material audiovisual, etc) xunto con todo o material que se atopa en internet.

Fomentarase a utilización de páxinas web que determine cada profesor/a aos seus alumnos/as.

Avaliación na sección bilingüe

Segundo a normativa que regula as Seccións Bilingües, a cualificación que o alumnado obterá na materia de conxunto, non se verá influida por motivos lingüísticos, posto que o obxectivo último é aprender os contidos da materia en sí.

Por este motivo, os criterios de avaliación, promoción do alumnado e mínimos esixibles da sección bilingüe axustarase aos procedementos establecidos na programación didáctica xeral de conxunto.

Ademais, seguiranse as seguintes recomendacións metodolóxicas para o profesorado CLIL (Content and Language Integrated Learning) proporcionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para a avaliación das áreas non lingüísticas:

- A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os contidos lingüísticos.





- A competencia lingüística no idioma estranxeiro é un valor engadido que debe ser recompensado.
- A falta de fluidez na lingua inglesa non debe penalizarse. Os erros lingüísticos forman parte natural do proceso.
- Combinar as prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe da lingua como no das áreas non lingüísticas.
- Sempre que sexa posible, utilizarase a lingua inglesa. Cando sexa necesario recorrerase a lingua materna.
- Globalmente valorarase moi positivamente o esforzo continuado, o interese, a participación e a progresión nos coñecementos adquiridos ao longo do curso.

